

A VIDA DE ANDRÉS GAOS A TRAVÉS DAS SÚAS CANCIÓNS CON TEXTO EN FRANCÉS

POR JULIO ANDRADE MALDE

O traballo sobre estas obras fíxose a partir da miña monografía “Las canciones con texto en francés de Andrés Gaos”, publicada en *Nasarre, Revista Aragonesa de Musicología*, de Zaragoza, en 1987. Algúns criterios que daquela semellaron válidos deberon ser revisados debido aos novos descubrimentos e a un afondamento na vida e a obra do músico coruñés. As cancións non se sitúan seguindo unha rigorosa orde cronolóxica, senón de maneira que constitúan a oportuna ilustración musical dos momentos vitais máis sobresalientes do ilustre compositor. Os períodos da vida de Andrés Gaos teñen unha duración moi variable, xa que as circunstancias existenciais condicionan en cada caso a adecuación do texto e da música.

A letra orixinal das cancións está en francés, mais facilítase unha versión española bastante libre da miña autoría. Non sempre a súa calidade é demasiado alta; trátase, sobre todo, de que quen non domine a lingua francesa poida captar o seu sentido. Non debemos esquecer que, a partir do Romantismo, a canción (chámesese lied, romanza, mélodie ou cántiga) é un todo simbiótico de texto e música; a comprensión do seu sentido literario é fundamental.

E xa, sen máis preámbulos, velaquí a vida de Andrés Gaos, gran violinista, eximio compositor, notable director de orquestra e respectado ensinante. Que todo iso foi o noso ilustre concidadán.

1. Os primeiros anos dun neno prodixio (1874-1885)

Andrés Gaos Berea naceu na Coruña o 21 de marzo de 1874 na casa que é o actual número 126 da rúa do Orzán, onde existe unha placa que lembra este feito. Foi froito do matrimonio de Andrés Gaos Espiro e Pilar Berea Rodríguez, irmá esta de Canuto Berea, personaxe extraordinario que foi alcalde da cidade e tamén compositor, editor e propietario dunha tenda de música que permaneceu aberta durante cento trinta e tres anos na rúa Real coruñesa até 1987.

Non sabemos gran cousa dos primeiros anos do neno; mais é probable que, dado o ambiente musical da familia, Andrésiño comezase ben cedo a estudar o solfexo e talvez algo de violín. Aos seis anos tivo que mudar de ambiente e ir vivir a Vigo, onde o seu pai rexentou unha sucursal do Almacén de Música do seu cuñado. Alí estudou violín co mestre Dorado. Logo realizou actuacións naquela cidade e en Pontevedra e gañou algúns premios.

Non obstante, como o seu profesor se trasladou á Coruña, onde daba clases na Academia de Música dos irmáns Quílez, na rúa de Luchana, volveu á nosa cidade para seguir as leccións. Suponse que vivía cos seus tíos, porque os pais tiveron que permanecer en Vigo debido ao desempeño de don Andrés á fronte da sucursal do negocio do seu cuñado. O rapaz ten na altura uns dez anos e comeza a ser coñecido e dar concertos con grande éxito. É un verdadeiro neno prodixio, aínda que nunca se utiliza esta denominación ao falar de Gaos.

Consérvase un retrato de cando tiña esa idade. Nel aparece a imaxe dun rapaz espigado, de ollos enormes, moi abertos, como asombrados. Viste un traxe de gran gala, historiado; unha especie de levita que adorna cun lazo exuberante de cor branca ao pescozo, e uns longos botíns nos pés. O neno apoia o violín na cadeira, como se o cargase. Está ensobercido e serio –tal vez, convenientemente adoutrinado– diante dun ampuloso decorado de cartón pedra.



Andrés Gaos aos nove anos (1883)

Áchase na infancia, a súa *primavera temperá*, á cal o futuro compositor cantará con nostalxia nunha das súas máis fermosas cancións con texto en francés, *Premiers printemps*. Sorprendente saudade, porque cando a compón ten apenas catorce anos e é unha peza escrita para a clase de Gevaert, o gran compositor belga que foi o seu mestre no Conservatorio de Bruxelas.

Sobre un fermoso poema de autor descoñecido, Gaos realiza unha preciosa romanza: sinxela, de melodía elegante e tenra, un pouco aflixida. A voz mantense nunha tesitura central e o piano nunha liña de gran simplicidade; mais non é unha obra fácil de interpretar: se non se consegue crear unha atmosfera de soño, un sentimento contido e unha gran tenrura na expresión, non acada a se traducir. Hai un certo aire de canción de berce, moi apropiado polo contido do texto, sobre todo cando o autor lembra que a súa nai o adormentaba, como dicimos os galegos, no colo. Di desta maneira:

Primavera temprana

“¡Oh, días benditos del tiempo dorado!
¡Oh, encanto de la temprana primavera!
Una vez más, revivirte yo pudiera,
¡Oh juventud!

¡Qué dulce es recobrar el tiempo pasado!
Ver a mi madre entrar suave y de puntillas,
Cerrar mis párpados y sobre sus rodillas
¡Dormir al fin!

¡Oh, ensueño, qué violento me has arrastrado!
¿Por qué mi alma entera colmas de emoción
Cuando todo es, ¡ay!, vacío y destrucción
En torno a mí?”

2. A triunfante mocidade (1886-1893)

Cando Andrés Gaos ten doce anos, Sarasate, en xira por España, chega a Vigo. Preséntaselle o rapaz e o gran violinista pamplonés propónlle ao seu pai levalo consigo a París. El agradece a oferta, mais declínaa porque considera que o neno é demasiado pequeno para semellante aventura; en cambio, é enviado a estudar ao Conservatorio de Madrid cunha bolsa da Deputación coruñesa. A mesma corporación que lle concedera unha bolsa anos antes a Sarasate. Alí esperta o entusiasmo de Jesús de Monasterio, que sempre o considerou como o seu mellor alumno e en dous cursos acaba practicamente a carreira. Ten daquela catorce anos.

Dá concertos en Madrid, A Coruña, Lugo, Vigo e Porto. Comeza a ser considerado como un gran violinista. E de novo a Deputación lle outorga unha bolsa, esta vez para que vaia estudar a París e a Bruxelas cos mellores mestres do mundo: con Danclá e Ysaÿe o violín; e con Gevaert a composición. Cando retorna a España xa ten dezasete anos e comeza unha importante actividade artística. Primeiro realiza unha xira por Europa, entre 1892 e 1893. En 1894 emprende a aventura americana que o apartará da súa familia e da súa cidade natal.

Como é este mozo Gaos a quen comeza a lle sorrir o triúnfo e se acha no preludio dunha espléndida carreira artística? Aos quince anos, de acordo coa fotografía que chegou até nós, é un mozo alto e delgado. Segue a ter grandes ollos, mais a súa mirada é agora profunda, intensa, case desafiante. Xa non carga o violín, como cando tiña dez anos; agora empúñao como se se tratase dunha arma, a arma que haberá de utilizar para conquistar o mundo. Viste unha levita sobria, elegante, e un lazo discreto. Non hai xa tras el decorados de tremoia: a súa figura érguese soa, firme, sobre un fondo impersoal, sen ningún adorno. Todo se concentra na súa personalidade, que posúe forza e autosuficiencia.



Andrés Gaos aos 15 anos (1889)

Mais, que sabemos dos íntimos sentimentos dun adolescente que madurou demasiado de présa por imperativos da súa traxectoria artística; que debeu ir a Madrid para estudar, lonxe da súa familia, na idade en que se forma a personalidade, cando os pais son tan necesarios? Hai, acaso, unha expresión de soidade na súa ollada, quizais desafiante, mais tamén abocada cara ao interior de si mesmo?

A segunda canción con texto en francés que Gaos compuxo para formar parella coa anterior chámase *La rose*. Neste caso escolleu un poema de Hans Christian Andersen. “*Existe no país danés algunha rapariga que queira amarme?*”, pregúntase o poeta. Acaso tamén se fixo esta pregunta o adolescente Gaos, inmerso nunha durísima preparación para a súa carreira futura que seguramente non lle permitiu atopar o tempo para lles dar resposta aos sentimentos de tenrura amorosa que espertaban na súa alma, como espertan na alma de todos os mozos do mundo.

Esta fermosa *mélodie* é similar á anterior; mais a expresión do sentimento acha unha maior exaltación, dentro do intimismo, a delicadeza e a tenrura. Tampouco hai aquí grandes dificultades de interpretación, nin no canto nin no piano; mais é necesaria a máis exquisita sensibilidade artística para traducir o contido poético da obra.

La Rosa

*“Oh, rosa, todavía humedecida
Por las lágrimas de la amanecida,
En mi boca, de fiebre estremecida,
Pon, labio sobre labio, un dulce beso.*

*Si en el país danés aún existiera
Alguna joven que amarme quisiera,
Dile tú que mi ardor calmar debiera
Antes que mis labios hiele la muerte.”*

3. A aventura americana e o matrimonio (1894-1897)

Gaos ten vinte anos e é contratado polo importante empresario Strakosch para realizar unha xira por América. En concreto por Cuba, México e a Arxentina. De Cuba apenas sabemos nada, mais da época mexicana hai bastantes anécdotas; algunhas moi curiosas, como a súa actuación no Circo-Teatro Orrin, onde é tratado con gran consideración e denominado “*o Sarasate do porvir*”. Compón algunhas obras: un par de pezas para piano; unha *Marcha fúnebre* para banda; e a preciosa *Jota aragonesa* para violín e piano, que el –por razóns descoñecidas– condenou ao ostracismo. A súa estrea absoluta tivo lugar, con éxito memorable, no salón da Reunión Recreativa e Instrutiva de Artesáns da Coruña en novembro de 2009.

Gaos chega a Bos Aires en xuño de 1895. Os seus concertos teñen un éxito extraordinario. Debido a isto, o compositor máis prestixioso da Arxentina, Alberto Williams, ofrécelle un posto no conservatorio que el dirixe. A amizade entre Williams e Gaos será para toda a vida. Tamén por esa época chega á Arxentina a violinista e cantante América Montenegro, de ascendencia italiana. Gaos e ela coñécense e xorde incontenible unha atracción amorosa que, entre dous artistas moi novos –vinte e un anos el, ela dezanove–, se converte nunha paixón volcánica. En suma: América queda embarazada e os dous mozos deben ir ao Uruguai para formalizaren a principios de 1896 un matrimonio civil, xa que na Arxentina este tipo de incidentes estaba moi mal visto. Alí pasan dous anos e medio e en 1898 regresan, con dúas nenas, a Bos Aires.

Na etapa uruguaia, Gaos dá clases no Conservatorio de Montevideo e ten unha febril actividade compositiva. Sobre todo, escribe cancións, o cal non é estraño dado que a súa esposa, alén dunha notable violinista, era unha excelente cantante. Desa época son a maior parte das *mélodies* francesas e das cancións arxentinas, *¡Ay, mi amor!* e *Vida-*

lita. E tamén unha obra para piano, *Miniaturas*, que envía ao seu mestre Monasterio, quen xustifica a súa recepción cunha cariñosa carta; é unha bela partitura que o compositor transcribiu despois para orquestra de arcos co nome de *Suite a la antigua*. Tamén escribiu a *Habanera*, para violín e piano, que mereceu a honra de ser editada en Berlín.

Andrés Gaos ten vinte e dous anos. Está na primavera da vida; mais xa nunha estación vernal madura. Deu resposta ás súas inquietudes amorosas; o amor revelóuselle de súpeto, con forza irresistible. “*En maio, cando todo sorrí, o divino arquero do amor feriu a miña alma*”. Así se expresa Heinrich Heine no fermoso poema que leva por título *En Mai*, ao cal Gaos lle pon unha marabillosa música. Todo lle sorría ao mozo nesta etapa da vida: é un músico estimado e cun importante porvir; ofréceselle unha posición estable co desempeño dunha cátedra; mais o divino arquero do amor desbaratou os seus plans: polo momento debe abandonar o Conservatorio Williams e partir cara ao Uruguai para contraer matrimonio. O texto do poeta alemán di así:

En mayo

*“En mayo, cuando todo sonrío.
En mayo, cuando todo está en flor,
El divino arquero del amor
Mi alma ha herido.*

*En mayo, del año el mes más bello,
Cuando en el bosque todo es rumor,
Yo canté para ti este dolor
Que mi alma llena.”*

En mai é outra bela canción de melodía ondulante, íntima e tenra. O sentimento amoroso exprésase con gran delicadeza, con pudoroso apaixonamento. Mais hai ademais unha importante referencia en Heine que Gaos recolle con sutileza: a comunicación ao ser amado dunha

profunda pena: “*En maio cantei para ti a dor que a miña alma enche*”. As características interpretativas desta fermosa *mélodie* son similares ás das anteriores cancións; e, como nelas, faise necesaria unha especial sensibilidade artística para traducila.

4. A inquietude viaxeira e a composición (1898-1916)

En 1898, Andrés e América retornan a Bos Aires. A familia aumentou: teñen agora dúas fillas. Ora ben, Gaos volve enfermo. Trátase dun mal psíquico, unha neurose de angustia que daquela se denominaba neurastenia. Dificultade para se concentrar, debilidade xeral, cefaleas, depresións...

Gaos Guillochon, o seu fillo, achácao a que a vida de casado lle impedía desenvolver a súa brillante carreira de concertista. Talvez, mais o que parece determinante é a enorme responsabilidade que contraeu ao formar unha familia sendo tan novo, e acaso as desavinzas da vida en común de dous artistas que ademais tocan o mesmo instrumento. Gaos Guillochon utiliza o adxectivo *tempestuosa* para cualificar a relación entre os esposos. Todo parece indicalo; e, de feito, o matrimonio concluirá co divorcio anos despois, en 1917.

A súa estadía en Bos Aires dura pouco máis dun ano. A Gaos espértaselle a inquietude viaxeira e parte cara a Europa coa súa esposa. Isto ten todas as características dunha fuxida. Fuxida dos lugares que lle traen lembranzas desagradables, fuxida dos seus propios fantasmas, fuxida das responsabilidades. É unha especie de cruceiro de pracer nun buque que tardaba daquela case un mes en realizar a viaxe transatlántica, que quizais puido arranxar un tanto a situación do matrimonio.

Mais os problemas psicolóxicos lévanse con un onde queira que un for. E os conflitos dunha parella non desaparecen con viaxes de pracer.

Todo isto semella unha forma moi exterior de intentar a resolución de problemas doutra índole, moito máis profundos.

Tras unha breve xira (oito meses) por Europa, Gaos volve a Bos Aires en 1900, en aparencia restablecido do seu padecemento nervioso. O matrimonio reintégrase no Conservatorio Williams. Gaos, nestes anos, amosa unha enorme capacidade compositiva. Ademais, desenvolve unha grande actividade como concertista, e sobre todo cultiva a música de cámara. En 1904 vai crear o seu propio conservatorio, que durará até 1912.

Ese mesmo ano coñece a Pau Casals e chega á Arxentina Saint-Saëns. Este amósase moi compracido con Gaos, que toca o *Concerto para violín n.º 3* do compositor galo baixo a dirección do seu autor, e convídao a acompañalo nunha xira por Europa que os leva até Rusia. A *tournée* finaliza en 1905 e daquela Gaos retorna a Bos Aires.

No entanto, algo semella non ir ben. Así, o violinista coruñés intenta un novo cruceiro e unha nova xira poucos anos despois, en 1909, após deixar o conservatorio ao coidado dun músico amigo. Esta vez o matrimonio vai acompañado dos seus catro fillos: tres nenas e un varón. Xa en Europa, volve por primeira vez á súa cidade natal, onde é recibido con entusiasmo. Dá dous concertos, toca diversas obras e América Montenegro canta tres cancións francesas do seu marido: *Fleurs d'amour*, *Au point du jour* e *Sérénade*.

Sérénade, a canción máis frívola das nove *mélodies* francesas, pode servir para caracterizar esta etapa da súa vida, lixeira e cosmopolita, sen responsabilidades nin preocupacións. Ademais, como notamos, foi unha das tres que se cantou en 1909 na Coruña. A voz é tratada con gran virtuosismo e esixe da cantante un bo rexistro agudo, así como moita flexibilidade para resolver os problemas de *coloratura*. Tamén o piano ten un tratamento máis complexo do habitual, sobre todo no

aspecto rítmico. A inspiración é lixeira, galante, amable, un pouco superficial e mesmos ten certos sinais andalucistas. Brahms compuxo un lied sobre este mesmo texto de Franz K ugler, que di as :

Serenata

“Medio velada la luna
Sonr e a la enamorada
Y la noche, por fortuna,
Se halla oscura y encalmada.

Bajo el r stico balc n,
Tres j venes anhelantes
Cantan su dulce canci n
Que dice frases galantes.

Sin duda sue a la hermosa
Con su arrogante gal n
Y sus labios, como rosas,
«Seamos felices» –dir n.”

5. Aparente estabilidade e divorcio (1912-1917)

Entre 1912 e 1917 Gaos parece vivir un per odo de estabilidade: desempe a diversas c tedras e produce importantes composici ns. Son desta  poca obras tan importantes como *Granada*, que estrea no Teatro Col n con grande  xito Andr  Messager; a  pera *Amor vedado*, de que este mesmo ano de 2009 tivo lugar a estrea absoluta aqu , na s a cidade; a magn fica *Sonata para viol n e piano*; o seu mellor himno, o *Himno do Centenario da Independencia Arxentina* para piano, que ga nou o primeiro premio entre 350 compositores en Tucum n; os *Nuevos Aires Gallegos*, para piano, as  como a primeira versi n da s a sinfon a galega que daquela recibe o nome de *Galicia*, e que ga na un premio, mais non se estrea. Ser  a orixe da *Sinfon a n.   2, En las monta as de Galicia*.

É o seu momento creador máis importante, pola cantidade de obra producida e pola calidade desta; mais a actividade compositiva semella, sobre todo, un refuxio. Porque Gaos está a sufrir un doloroso proceso de ruptura sentimental, que conclúe co divorcio en 1917.

Todo indica que sentiu unha terrible esgazadura interior. Ponse fin a vinte e un anos de matrimonio cunha muller da cal namorou apaixonadamente e con quen tivo cinco fillos. Para alén, Gaos, debido á súa sensibilidade extrema, experimenta con terrible intensidade o sufrimento moral. Sen dúbida o compositor coruñés, como o poeta a cuxo texto puxo música, sentiu roto o corazón: “*Se Deus rompe o encanto que me fixo soñar*”. Si, o encanto rompeu, como o vínculo que o unía coa súa esposa.

Descoñecemos de quen é o texto desta *mélodie*, denominada *Fleur mourante*, mais deu pé para que Gaos compuxese unha preciosa canción, colmada dun profundo sentimento de tristeza e desolación, que debe expresarse con certa contención pudorosa. Ás veces mesmo ten inflexións estrañas, e até un certo matiz fúnebre. Di así o texto:

Flor moribunda

*“El alba de mi vida
Llenaste de ternura
Y aun hoy, resplandeciente,
Sonríes con dulzura.*

*La mortecina estrella
Que agota su esperanza
Te dice: “Pobre hermana,
La muerte ya te alcanza”.*

*Si Dios ha permitido
Tu belleza extinguir,
Si una lágrima pura
No te hará revivir,*

*Oh, rosa moribunda,
No todo en ti es mortal:
Tu cuerpo es de la tierra.
¡Tu aroma celestial!”*

6. Novo matrimonio e verdadeira estabilidade (1919-1925)

En 1919, Gaos contrae matrimonio con Luisa Guillochon, a que será a súa esposa até a fin dos seus días. Tanto no aspecto físico como no das súas calidades espirituais semella o polo oposto a América Montenegro. É loira, de aspecto delicado, moito máis nova que el e, por algunha manifestación escrita que chegou até nós, refírese sempre ao seu marido cun gran cariño. Dela terá tres fillos, o último dos cales, Andrés, felizmente vivo, loitou denodadamente por sacar o nome do seu pai do esquecemento e a indiferenza, o que sen dúbida conseguiu. A mellor proba son os actos do cincuentenario do pasamento do gran violinista coruñés, en que se implicou totalmente, durante o ano 2009, a súa cidade natal.

Todo semella indicar que Gaos acha ao final unha estabilidade emocional, tan necesaria para o desenvolvemento da súa actividade como ensinante, como virtuoso e como compositor. Mais os padecementos psíquicos deixaron unha pegada que é posible que chegue moito máis lonxe do que cabería imaxinar.

Continúa a impartir clases no Conservatorio Williams e na Escola Normal; en cambio, non parece atravesar unha fecunda etapa creadora: un par de cancións (e non as mellores: *Couplet* e *La silenciosa*) e o *Himno a Mitre*, que gañou un concurso. En 1924 realiza unha nova tentativa empresarial coa apertura dun segundo conservatorio; mais un ano máis tarde cerra, abandona a cátedra na Escola Normal e parte coa súa muller, dous fillos e os sogros cara a Gan, unha pequena poboación de Francia, preto de Pau, nos Pirineos atlánticos. Alí os pais de Luisa adquiren unha casa de campo, Riant Cottage, e alí nacerá o seu último fillo, Andrés Gaos Guillochon.



Andrés Gaos aos 52 anos (1926)

A comezos da década dos 20, Gaos está practicamente na cincuenta, na madurez. Nunha reportaxe fotográfica da época preséntase como un home alto, delgado, de fronte espazosa, mirada afastada, soñadora, acaso perdida; mais tamén inquisitiva, chea de curiosidade. Apenas se albisca un sorriso, suave, enigmático e quizais un pouco triste. En realidade é difícil saber se sorrí. O noso músico xamais o fai nos testemuños gráficos que se gardan del desde a infancia. Viste un elegante traxe de rúa co colo duro e gravata.

Encóntrase en repouso, distendido, sentado, e mantén o violín con naturalidade, sen levalo como unha carga, como cando era neno, nin empuñaalo como unha arma como cando era mozo. Semella atoparse un pouco de volta de todo, tras unha vida de inquietudes e éxitos artísticos que deixaron unha fonda pegada na súa alma; mais hai tamén en todo o cadro unha gran serenidade, froito seguramente do seu novo matrimonio, que lle deu estabilidade á súa vida sentimental.

Gaos reencontrou o amor. Un amor máis tranquilo e duradeiro, menos apaixonado e conflitivo, cunha maior dose de tenrura e unha menor carga de violencia. Acaso o compositor, artista sensible, vibrou coas palabras do poema *Fleurs d'amour*, tamén de autor descoñecido: “*Se ti, querida nena, quixeses amarme agora, dareiche estas flores*”. Sen dúbida o músico podería dirixir estas palabras –querida nena– á súa nova esposa, moito máis nova que el. Unhas palabras cheas de tenrura e dun profundo amor, que durou até a súa morte.

Expresión intensa e intimismo para a voz e para o piano, que han de crear unha atmosfera de tenrura mediante a expresión delicada, a pincelada tenue, o contraste sutil. Unha vez máis, requírense intérpretes de gran sensibilidade artística e musicalidade para lle dar vida a este poema, sobre o que Gaos compón unha magnífica *mélodie* onde recupera a fresca expresión xuvenil da súa inspiración, como nas primeiras cancións. Di así o texto de autoría descoñecida:

Fleurs d'amour

*“Mis lágrimas de amor
Flores han hecho brotar
De aromas dulces y suaves.*

*Ha mezclado su rumor
Mi triste suspirar
Al canto de las aves.*

*Si tú, niña adorada,
Eres mi enamorada,
Te ofrezco estas flores.*

*Y bajo tu celosía
Escucharás noche y día
Cantar a los ruiseñores.”*

7. Febril actividade dun músico cosmopolita (1925-1932)

A estadía de Gaos en Francia durou algo máis de sete anos. Non sabemos exactamente por que volveu á Arxentina. O seu fillo di que as xiras escaseaban e ademais producían pouco diñeiro. Parece estraño nun violinista tan altamente considerado pola crítica do mundo enteiro. Realizou moitas xiras e dous grandes inventores, Moor e Martenot, encomendáronlle dar a coñecer os seus instrumentos. En verdade, non dá a impresión de que estivese ocioso nin moito menos de que fose pouco considerado. Nos momentos que lle deixaban libre estes compromisos, alternaba as súas estadas tranquilas en Riant Cottage coas idas a París, onde vía os seus amigos, sobre todo o seu paisano Manolo Quiroga¹⁹, a quen apreciaba moito.

19 Manuel Quiroga (1892-1961) é outro grande violinista e compositor galego (nado en Pontevedra).

As xiras tiveron que ocupar gran parte do seu tempo. Na primeira delas, por Europa, o mesmo ano da súa chegada a Francia, veu á Coruña, onde estreou a súa *Danza argentina*. Hai datos illados doutra *tournée* por Europa e por España en 1926, ano en que tamén visitou Cuba. En 1927 realiza outra xira por trinta capitais españolas que *Le Monde Musical*, de París, cualifica de triunfal. Tamén nesta ocasión visitou a súa cidade de nacemento.



Violín Moor de dobre sonido (fotografía tomada en 2009)

Noutra importante *tournée* por España, en 1928, acompaña o pianista Maurice Dumesnil para mostrar un notable instrumento: o piano

Moor de teclado duplo. E en 1929 el mesmo dá a coñecer o violín Moor de duplo son, cuxa voz se escoitou, tras oitenta anos de silencio, no acto musical que tivo lugar no salón da Reunión Recreativa e Instrutiva de Artesáns da Coruña en 2009. Ese ano de 1929 toca tamén na sala do Concertgebouw de Amsterdam, e ao ano seguinte na Salle Gaveau de París. En 1931 está en Nova York; e en 1932, aínda en Francia, realiza unha xira por España para acompañar ao piano as demostracións do aparato de ondas que tocaba o seu inventor, Maurice Martenot.

Apenas compón, o que non é estraño de termos en conta as ocupacións que tivo como concertista, mesmo ao piano. Ao parecer, dá remate ás tres transcripcións de obras de Sarasate (*Habanera*, *Jota aragonesa* e *Serenata andaluza*) e á súa *Danza argentina*, todas elas iniciadas con anterioridade en Bos Aires.

Malia que a temática non ten ningunha relación con este período vital de Gaos, a canción *Au point du jour* é, por moitas razóns, moi diferente das demais *mélodies* francesas; a música, sobre todo, é moi distinta. Mais isto é completamente lóxico, xa que ha de plasmar en notas musicais un texto en que se describe unha infidelidade e a maneira en que o ofendido disimula a súa dor ante a xente, encubriendo os seus verdadeiros sentimentos fronte á traizón da amada.

Para traducir ese disimulo, esa duplicidade, empréganse maiores contrastes dinámicos, ritmos cambiantes, a voz atinxe notas comprometidas; o piano móvese nunha extensión ampla, sobre todo no rexistro grave; a melodía faise incisiva, as disonancias máis duras... O compositor renuncia incluso á brillantez conclusiva e finaliza sobre notas graves. A poesía é de Paul Heyse (non de Heine, como se ten dito en repetidas ocasións). Brahms tamén lle puxo música. Di así:

Al despuntar el alba
*“Amaneció el domingo, amargo día;
Adónde ibas, furtiva, yo sabía.*

*Muchas gentes te vieron
Y a decírmelo vinieron.*

*Yo bromeaba y reía
Pero en mi interior sufría.*

*Mientras me vieron
Mantuve la calma;*

*Cuando se fueron
Se me rompió el alma.”*

8. O triúnfo e a soidade (1933-1947)

Cando retorna á Arxentina, Gaos retírase da súa actividade como concertista. Ocupa diversas cátedras e funcións públicas até a súa xubilación en 1948. Mais en 1937 ten lugar en París a Exposición Universal. A República Arxentina terá o seu pavillón e o Goberno francés reserva dúas datas, 24 e 29 de setembro, para senllos concertos de música sinfónica, que se farán coa Orquestra de Concertos Lamoureux na Salle Gaveau. As autoridades arxentinas deciden elixir a Gaos para que realice todo o proceso de organización e de selección dos autores representados, mesmo para dirixir os concertos.

Inmediatamente estala unha violenta polémica na cal –co pretexto de que Gaos era estranxeiro, vivira fóra do país durante anos e tiña moi pouca experiencia na dirección de orquestra– se cuestionaba a elección. Algúns periodistas amosáronse especialmente groseiros nas descualificacións. Mais unha oportuna carta de apoio de Alberto Williams, o patriarca da música arxentina, puxo punto final á polémica. O triúnfo extraordinario que obtivo Gaos en París deixou sen argumentos os seus inimigos; ora ben, non sen as súas peores mañas: pasados algúns días conseguiron acceder aos arquivos de *La Nación* e de *La Prensa* e destruíron todas as magníficas críticas que o noso músico recibira. De nada serviu esa mesquiña e mafiosa actuación, pois xa os xornais mencionados se fixeran amplo eco do triúnfo do músico en París.



Andrés Gaos aos 63 anos (1937) dirixindo á Orquestra Lamoureux de París

Un pensaría que á súa volta Gaos tería un recibimento triunfal; porén, non foi así: apenas unha homenaxe privada, un banquete que reuniu os seus amigos e pouco máis. O compositor pareceu non se sentir afectado; no entanto, realmente todo o que sucedera na Arxentina antes e despois da súa ida a Francia ocasionoulle unha profunda dor. Tivo que sentirse moi só. Seguramente refuxiouse na familia e nos seus amigos máis fieis e continuou a súa vida de escuro funcionario. Porque ademais estaba desilusionado do escaso interese que espertaban as súas composicións.

Neste período escribe tres pezas para piano e unha obra mestra, a *Impresión nocturna*, que compuxo para estrear en París xunto co poema sinfónico *Granada*. Mais a falta de seguridade en si mesmo, o non se dar a valer, a modestia –todo isto tan galaico– fixéronlle buscar refuxio nun mundo reducido, ora ben, máis auténtico. De calquera xeito, o creador ha de realizar a súa obra en soidade, tal como nos ensinaron Mozart e Brahms nunhas célebres manifestacións sobre o proceso creativo. E que é o sentimento de soidade senón a saudade, ese algo inexpresable da alma galega? Un sentimento, por certo, que se atopa intimamente relacionado coa natureza, tal como se expresa no poema *Solitude*, de Hermann Allmers, ao cal Gaos pon música, como antes tamén fixera Brahms. “*Tendido, só, entre o ouro vivinte do trival, elevo os meus ollos ao ceo cara a onde voa o meu espírito*”. Así di o poeta alemán. Soidade e comunión coa natureza. E tamén evasión. Evasión dun mundo cuxas honras xa non o impresionan e cuxa mesquindade despreza.

Unha melodía de gran serenidade dá comezo á obra; séguela unha pasaxe tempestuosa e finaliza cun *memento mori* para dar cabida a un sentimento, o da morte, tan presente na alma galega e dunha maneira moi particular en Gaos. O texto di así:

Soledad

*“Tendido, solo, entre el oro viviente del trigal,
Mi espíritu se eleva hacia el espacio celestial.
Siento muy dulcemente a mi turbado corazón
Fundirse y perderse en una infinita ensoñación.*

*Blancas nubes ascienden hacia el norte por los cielos,
Estrizando el ancho azul en donde extienden largos velos.
Después pienso: cuando mueras...
Me siento planear entre las celestes esferas.”*

9. O silencio, a serenidade, a paz (1848-1953)

Andrés Gaos é agora un xubilado de que ninguén se lembra. Ademais, en 1952, falece o amigo e protector de toda a vida, Alberto Williams. E comezan a manifestarse os síntomas dunha terrible enfermidade: a neuralxia do trixémimo, chamada a enfermidade dos suicidas. Parece ser que o músico, desesperado pola terrible dor, estivo moi cerca de tomar unha fatal determinación sobre a súa existencia. Ao final, decidiu operarse; segundo di o seu fillo, con escasos resultados.

Daquela xorde algo que lle fai recuperar a ilusión de vivir. O Centro Galego de Bos Aires convoca un concurso de composición. Gaos preséntase coa súa vella sinfonía *Galicia*, inédita e inaudita, baixo o nome *En las montañas de Galicia*, e gaña o primeiro premio. Nunha entrevista, pronuncia unhas palabras que se repetiron até a saciedade, mais que cómpre lembrarmos aquí:

“Recentemente sentín un impulso estraño que me levou de novo a producir con fervor. Foi unha tarefa agoniante, tenaz, de moitas noites e moitos días. Dela saíu a miña sinfonía galega que o Centro Galego premiou nos seus concursos literario-musicais. Era como unha especie de retorno a min mesmo. Ao meu ser inicial. A miña

maneira inédita. (...) Foi a miña volta a Galicia nunha ofrenda de toda a miña vida. Alegroume o premio porque todo testemuño é vital para o artista de bo cuño. Ora ben, máis me alegrou o cumprir coa miña terra, non tan afastada, porque está presente na miña emoción creadora e no clima desta casa galega.”

Aí atopa Gaos a serenidade e a paz, no retorno ás raíces, aos montes e bosques da súa terra natal, nunca esquecida, sempre presente –como el di– na súa emoción creadora. Será esta a suprema paz? Sobre uns versos de Goethe, escribe Gaos unha bela *mélodie*, *Paix suprême*, que tamén musicou Franz Liszt. Música dulce, meditativa; tesitura central en voz e piano; expresión delicada, sen ningunha violencia; harmonía sólida, creadora de permanencia, de inmovilidade, aínda que a utilización dos trémolos no piano produce unha certa inquietude. Di así o sinxelo e encantador poema de Goethe:

Paz suprema

*“Del monte en la altura
Todo es beatitud;
Del bosque en la espesura
Todo quietud.*

*Mudo está el palarillo
en el bosquecillo.
Un instante aguardad
Y advendrá la suprema paz.”*

10. O retorno a si mesmo (1954-1959)

Xa non se volverá escoitar publicamente a voz de Gaos. En 1956, decide ir vivir a Mar del Plata. Sempre pasara alí os veráns, mais nesta ocasión tratábase de abandonar definitivamente Bos Aires e afincarse

na vila balnearia que se encontra a catrocentos quilómetros ao sur da capital. Con isto o seu illamento faise pleno, malia que el argüía que o clima lle sentaba ben. É posible, aínda que este traslado tamén pode ter algo de fuxida. Gaos, como Schubert, cambiaba a miúdo de aloxamento. Talvez na crenza de que os problemas quedarían no vello domicilio; mais os problemas lévaos cada un consigo onde queira que for.



Andrés Gaos e Luisa de Guillochon en 1955

Hai outra razón. Gaos botaba en falta o mar, o seu mar do Orzán, o que encheu de sons –ora suaves, ora violentos– os seus primeiros anos de vida. Agora, cando o termo da súa peripecia vital está próximo, volve os seus ollos cara ao océano. É o mesmo, o mesmo que escoitou de neno, o mesmo que sen dúbida contemplou moitas veces na súa cidade natal,

talvez desde a próxima Coiraza; acaso indo saltar as ondas á Rotonda; quizais paseando pola praia de Riazor ou mergullándose nas súas frías vagas. O certo é que en Mar del Plata pasaba longas horas a ollar o océano desde un cuarto de estar cuxas xanelas permitían a contemplación.

Gaos parece que alcanzou a paz, a serenidade, tras unha vida rica en acontecementos de toda índole. Mais agora garda silencio, cada vez fala menos. Apenas toca o violín ou o piano nalgún caso excepcional, en privado, para certos acontecementos familiares. E de súpeto, a milagre, o *canto do cisne*: Gaos escribe unha preciosa canción para canto e piano, a súa última obra, e para isto non recorre xa nin ao francés nin ao castelán, senón á doce, tenra, lírica lingua galega, a que elixiu aquel gran Rei Sabio para a súa expresión poética.

Escolle o segundo poema dos *Cantares galegos* de Rosalía Castro. Non ten nome, mais Gaos bautiza a canción como *Rosa de abril*. Cando el morre, a partitura áchase sobre o atril do piano. Di o seu fillo que estaba entusiasmado e que irradiaba unha alegría que se contaxiaba a todos, a pesar de que vían claramente que a fin se achegaba.

Rosa de abril non é unha canción francesa; mais a delicadeza, o intimismo, a beleza da expresión, o predominio do melódico, achégana extraordinariamente ás fermosas obras para voz e piano que compuxo na súa mocidade. Sobre os versos de Rosalía, que conclúen nunha estrofa popular, Gaos constrúe seguramente a súa máis bela e emotiva canción. O texto di así:

Rosa de abril

*“Nasín cando as plantas nasen,
Non mes das flores nasín,
Nunha alborada mainiña,
Nunha alborada de abril.*

*Por eso me chaman Rosa,
Mais a do triste sorrir,
Con espiñas para todos,
Sen ningunha para ti.*

*Desque te quixen, ingrato,
Todo acabou para min:
Que eras ti para min todo,
Miña gloria e meu vivir.*

*De que, pois, te queixas, Mauro,
De que, pois, te queixas, di,
Cando sabes que morrera
Por te contemplar felíz?*

*O meu corazón che mando
Cunha chave para o abrir:
Nin eu teño máis que darche
Nin ti máis que me pedir.”*

Con este marabilloso legado que nos deixou en herdanza o noso concidadán Andrés Gaos, finalizamos. Coa homenaxe que quixo rendirlle Gaos a Galicia e que é ao tempo a nosa emotiva homenaxe ao compositor coruñés.